

Dende o día en que nacín xa tiña previsto o meu futuro: un 3 que un rapaz usaría como sumando, minuendo ou substraendo; incluso, con sorte, como factor dunha multiplicación ou divisor, dividendo e resto dunha división. Ás veces soñaba, coma tódolos números, ser resultado dunha operación, un feito que dá prestixio dentro da Recta Numérica. Pero nunca imaxinei o meu destino con aquel rapaz chamado Xurxo. Pero non adiantemos acontecementos e comecemos polo principio.

Como xa dixen nacín na Recta Numérica, fillo da suma dun 1 e un 2, pertencente a unha das máis importantes familias do reino, a dos números primos impares só superada en prestixio polos cadrados e cubos perfectos, aos que pertencía meu pai, o 1; e a formada polo cero, na que tódolos membros son iguais e gobernan esta terra e viven no principio da Recta. Estudei na Academia de Preparación de Números para Operacións e obtiven un título que me permitía traballar como número en calquera operación matemática. Estaba preparado para cada unha das coñecidas ata daquela no País, pero nunca me falaran daquelo ao que me someteu Xurxo.

Veredes, cada número despois de rematar os seus estudos na APNO, destínase a un rapaz que o usará en tódalas súas operacións. Nas que me usou o meu coñecín un montón de números; pero fíxeme moi amigo dun 5, o resultado da súa primeira suma, na que eu era un dos seus sumandos. Aínda recordo esa operación, xuntárame cun 2 do que fai tempo que non sei nada.

Creo que me desviei do tema, eu vin contarvos o que me sucedeu na primeira das veces que Xurxo me someteu ao que lle chamou ecuación. Éramos un 18, un 10, o meu amigo o 5 e máis eu; pero o 10 e o meu compañeiro estaban multiplicando algo, algo que eu nunca vira, un carácter novo para min, un  $x$ . Estabamos colocados de maneira que o 10, multiplicado polo  $x$  máis eu éramos igual ao 5 polo  $x$  máis o 18. Nunca vira unha cousa parecida.

O primeiro paso que o rapaz levou a cabo foi cambiarme a min de lugar, o que me deu unha alegría, pois podería estar do mesmo lado que o 5; pero el tamén foi cambiado de lugar xunto co outro factor da multiplicación na que estaba incluído e acabou restando o 10 que multiplicaba o  $x$ . Levei unha gran decepción, pero iso non era o que máis me preocupaba, pois de repente sentín como cambiaba a miña personalidade, volvíame máis triste, con pensamentos pesimistas, é dicir, negativo. O mesmo lle pasou ó cinco:

- I mos morrer – dixo.
- Eu tamén penso así – respondín – estes cambios non son normais.
- Ha, ha, ha! Eu penso que non, tranquilos – era a primeira vez que falara co 18, que era o máis positivo – non é a primeira vez que estou nunha ecuación. Veredes, o que o rapaz quere é calcular o valor dese carácter ó que tanto ti, o 5, coma o 10 estades a multiplicar. E o cambio que notades é debido a que vos cambiou o signo, xa vos acostumaredes – e tiña razón, en seguida deixei de sentirme tan pesimista.

Seguidamente, Xurxo sumou as dúas multiplicacións, nas que estaba o 10 e o 5 negativo, o que rematou converténdoo en positivo, pero seguía multiplicando o  $x$ . Á mesma vez que realizaba a operación que me sumaba a min co signo negativo ao 18, converténdonos nun 15 positivo. Polo que quedamos de maneira que 5 por  $x$  era igual a 15.

Xusto despois, o rapaz deixou só ao  $x$  movendo o 5, pero eu non o vía.

- Onde estás? – berrei.
- Xusto debaixo túa – dicía entre risas – voute partir en cinco pedazos.
- Deixa de burlarte, que vaia susto que me metiches oh!
- Tranquilizádevos meus, que xa estamos a rematar – dixen eu, pero dinme conta de que o que falaba era o 18 co que me xuntara – o rapaz acaba de despexar o  $x$  para calcular o seu valor, que é o resultado da nosa operación.

Cando rematou de falar, Xurxo realizou a operación: 15 entre 5. Si, dá 3, e iso quere dicir que eu son igual a  $x$ , son o resultado da operación. Vaia alegría levei, pensaba contarlle a todo o mundo.

Cando comecei as vacacións, volví a Recta Numérica e falei do suceso a todo o mundo, o que fixo que chegase ao oídos do rei e me chamase para explicarllo. El non o podía crer, existía algo chamado ecuación. Debido a este descubrimento, ofreceume o posto de profesor para cando rematase o meu servizo con Xurxo, que aceptei con moito gusto; pois ía necesitar un traballo cando volvese á Recta Numérica.

E así o fixen, e agora estouvos a contar esta historia a vós, meus alumnos.